



1.- Número 39 de INFORMEST

Está dispoñible na páxina web da SGAPEIO, apartado de PUBLICACIÓNS, o **número 39 de INFORMEST**. Este número ten o seguinte sumario:

- Colaboración: Cartografando a incertidume e facendo predicións en tempos desafiantes.
- Recensión bibliográfica: Betanzos magic town, de Carmen Coteló e Salvador Naya.
- Actividades da SGAPEIO:
 - Introducción a R: software estatístico libre para PEMES.
 - Asemblea Xeral da SGAPEIO 2014.
- Novas do IGE: Últimas novidades en publicacións e documentos do IGE.
- Traballos de Estatística no SUG: Teses e traballos fin de Grao e Máster.
- Coñecendo a un socio de SGAPEIO: Andrés E. Cabana González.
- Sabías qué?: A Investigación Operativa na industria da dobraxe.

Máis información: <http://goo.gl/NLInvG>

2.- Convenio coa Fundación Barrié

A SGAPEIO e a Fundación Barrié asinaron un novo convenio de colaboración para o ano 2015. O convenio está dispoñible na páxina web da SGAPEIO, no apartado de "A SOCIEDADE", e con acceso restrinxido a socios.

3.- Xornada sobre Big Data e Estatística

Lembramos que está aberto a prazo de inscrición na **Xornada sobre Big Data e Estatística** que organizan a SGAPEIO, o grupo de investigación MODES da Universidade da Coruña (UDC) e a Rede de Tecnoloxías Cloud e Big Data para HPC. Esta xornada terá lugar o día 19 de xuño de 2015 na Facultade de Informática da UDC.

Data límite de inscrición: **7 de xuño** de 2015.

Máis información: <http://bigdata.sgapeio.es/>

4.- V Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Lembramos que está aberta a convocatoria da **V Incubadora de Sondaxes e Experimentos** para proxectos de Estatística e Investigación de Operacións realizados por estudantes de ESO, PCPI, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de inscrición no concurso é do 1 ao 15 de abril de 2015.

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es.

5.- XV Conferencia Española de Biometría

O *Departamento de Matemática Aplicada y Estadística e Investigación Operativa de UPV/EHU*, a instancias da *Sociedad Española de Biometría*, organiza a **XV Conferencia Española de Biometría**, que se celebra conxuntamente co **V Encuentro Iberoamericano de Biometría**. O evento terá lugar en Bilbao do 22 ao 25 de setembro de 2015.

Datas importantes:

- Apertura da inscrición: 15 de abril de 2015.
- Data límite de envío de comunicacións: 5 de maio de 2015.
- Notificación de aceptación: 15 de xuño de 2015.
- Último día de inscrición reducida: 10 de xullo de 2015.

O Comité Organizador da Conferencia ofrece aos socios e socias da SGAPEIO a posibilidade de desfrutar dunha cota de inscrición reducida.

Máis información: <http://www.ehu.eus/es/web/ceb-eib2015/aurkezpena>

6.- XXII Congreso da Sociedade Portuguesa de Estatística

A Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) e a Universidade do Algarve (*Departamento de Matemática da Faculdade de Ciências e Tecnologia e Departamento de Engenharia Civil do Instituto Superior de Engenharia*) organizan o **XXII Congreso da SPE** que terá lugar do 7 ao 10 de outubro de 2015 no *Centro de Congressos Ria Formosa* de Olhão, no Algarve (Sur de Portugal).

O programa científico do congreso inclúe sesións temáticas organizadas, comunicacións libres (orais e posters) e catro conferencias plenarias.

Datas importantes:

- Data límite de envío de comunicacións: 15 de xuño de 2015.
- Notificación de aceptación: 7 de xullo de 2015.
- Último día de inscrición reducida: 31 de xullo de 2015.

Máis información: <http://spe2015.mozello.com/>

7.- Master en Análisis de Datos Ómicos

A *Universitat de Vic – Universitat Central de Catalunya* ofrece un **Máster Universitario en Análisis de Datos Ómicos** co obxectivo de formar profesionais capaces de realizar análises eficaces e rigorosos de grandes cantidades de datos xenéticos e moleculares nunha ampla gama de aplicacións.

O Máster responde á **crecente utilización de técnicas masivas de obtención de datos ómicos**, tanto no eido da investigación biomédica como nas industrias farmacéuticas e de biotecnoloxía, e á crecente demanda de profesionais altamente cualificados neste campo.

- Lugar: Barcelona.

- Horario: de 15:00 a 19:30 h, de luns a xoves, e de 15:00 a 17:00 h os venres.

- Idioma: inglés.

- Inscripción: ata o 26 de abril de 2015.

Máis información: <http://mon.uvic.cat/master-omics/>

8.- Cursos de Estadística Aplicada con R

A Unidade de Bioestatística do *Instituto IMDEA Alimentación* e a *Facultad de Ciencias da Universidad Autónoma de Madrid (UAM)* organizan conxuntamente un programa de formación continua en “**Estadística Aplicada con R**” que se vai impartir en Madrid en 2015 de forma presencial. O programa está composto por 7 módulos que poden ser cursados de forma independente:

1. Introducción a R: 24, 25 de setembro.

2. Métodos de regresión con R: 15, 16 de outubro.

3. Métodos de regresión avanzada para a investigación en Ciencias Naturais con R: 28, 29, 30 de outubro.

4. Estadística aplicada á investigación biomédica con R: 11, 12, 13 de novembro.

5. Modelos mixtos / Xerárquicos / Multinivel con R: 18, 19, 20 de novembro.

6. Estadística multivariante con R: 26, 27 de novembro.

7. Técnicas Estadísticas de Data Mining con R: 14, 15, 16, 17 de decembro.

Máis información: <http://www.alimentacion.imdea.org/unidad-de-formacion>

9.- Cursos da Universitat Autònoma de Barcelona

O Servei d'Estadística Aplicada da Universitat Autònoma de Barcelona organiza os seguintes cursos para os próximos meses:

- Curso de Modelización Estadística Básica con R mediante RStudio: 14, 16 e 21 de abril de 2015.
- Curso de introdución aos modelos mixtos con R: 8, 9, 10 e 11 de xuño de 2015.

Máis información: <http://sct.uab.cat/estadistica/es>

10.- Oferta de emprego

Randstad España, empresa do sector do xogo en pleno proceso de expansión e situada na zona do Vallés, selecciona un matemático para encargarse do cálculo de combinatorias e probabilidades, programación de aplicacións relacionadas coa Estatística (C++/multiplataforma), análise descritivo de xogos, deseño e/ou desenvolvemento das nosas propias ferramentas para xogos de azar.

Máis información: <http://goo.gl/jc6JYJ>

11.- Oferta de emprego no ITMATI

O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial busca un investigador/a para o proxecto "Misións críticas de emerxencias con medios aéreos tripulados e non tripulados".

Perfil do candidato: Licenciado/Graduado/Máster/Doutor en Matemáticas, Estatística, Computación ou Enxeñería.

Presentación de solicitudes: ata o 10 de abril de 2015, ás 14:00 horas.

Máis información: <http://goo.gl/CEPLSu>

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>